



M^a Teresa García Guillán, concelleira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Pobra do Caramiñal, o abeiro do disposto no art. 97/3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción solicitando melloras na Urbanización de Lamas e Andrés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños do Lamas e Andrés levan moitos anos demandando que se inverta e mellore o entorno do seu barrio porque entenden que teñen os mesmos dereitos que o resto de cidadáns aos que se lle mellora a calidade de vida. Non lles parece unha situación adecuada a que sofren estas familias porque pagan os seus impostos e taxas municipais como os que máis. Resúltalle incomprendible como un barrio que está situado a escasos metros da Casa Consistorial, non ten prioridade nin é do máximo interese do goberno municipal cando está en risco a integridade das persoas e a perda de valor do edificio nº 21 que ten numerosas fendas o seu carón, na beirarrúa. Por esta causa o inmovible está a sufrir o deterioro dos materiais e a necesidade de que a finca deba someterse a futuras rehabilitacións co prexuízo económico para as familias que o habitan.

Os residentes, mellor que ninguén, saben das carencias que son necesarias arranxar pero senten que pese as reunións mantidas co Alcalde e os múltiples escritos presentados por rexistro, que non se lles ten en conta.

Este barrio conta con numerosos nenos que xogan en condicións de risco para a súa integridade física. A pista polideportiva en vez de ser un lugar seguro de lecer é unha instalación defectuosa e decadente, é o espazo idóneo para que calquera día ocorra un accidente. Soamente hai unha estrutura dunhas porterías sen rede. Este espazo está colonizado por xogos de pelota relegando as nenas a un papel secundario. A configuración dos espazos públicos determina aos

usuarios, polo tanto se temos unicamente porterías de fútbol facilita que esa zona estean ocupadas “principalmente” por nenos quedando as mozas arrincoadas e cun papel secundario. A administración local debería implicarse en cambiar os roles e democratizar o espazo impulsando, ademais dos xogos de pelota, outros tradicionais.

O espazo que teoricamente é un xardín, serve na actualidade para que os cans vaian defecar. En calquera caso os animais mexan e os nenos xogan no lugar polo que existen verdadeiros riscos de enfermidades. Senten que non hai civismo por parte dos propietarios dos cans, non se recollen os excrementos, e en pleno verán magnifícanse as consecuencias polas altas temperaturas e o aumento da poboación.

Necesítase un xardín acondicionado e hixiénico.

Entre a rúa Alexandre Bóveda e a rúa Lapido hai unha zona verde desaproveitada, que se podería arranxar poñéndolle uns bancos decentes e unhas flores ou arbustos.

Por todo iso, este grupo que represento solicita a adopción dos seguintes

ACORDOS:


Executar un Plan de mellora na urbanización Lamas e Andrés que consistirá como mínimo en:

1. Facer un estudio técnico das causas pola que agreta a beirarrúa que está a carón do edificio nº 21 e subsanar o problema de maneira inmediata.
2. Manter o solar municipal limpo e en condicións de hixiene e seguridade. A ser posible parte deste lugar acondicionalo como parque público.
3. Reparar a rede perimetral da pista deportiva ou substituíla por outra de maior duración. Arranxar a rede das porterías de fútbol

e elaborar un proxecto, contando con expertos, para redistribuír o espazo de xogos.

4. Completar a sinalización vertical e procurar que se respecte.
5. Acondicionar a zona verde entre a rúa Alexandre Bóveda e a rúa Lapido.
6. Para facer estas melloras utilizarán o Remanente de Tesourería do ano 2017.

A Pobra do Caramiñal, 09 de novembro de 2018.



Mª Teresa García Guillán

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL